



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A ENTIDADE DE CRÉDITO CAIXABANK S.A. POLO QUE SE ESTABLECEN AS CONDICIÓN S XERAIS DE PRESENTACIÓN TELEMÁTICA DE AVAIS ANTE A CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

MEMORIA-XUSTIFICATIVA

A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, **DECLARA:**

Que esta consellería formaliza coa entidade de crédito CAIXABANK S.A , en adiante CAIXABANK, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende o momento da súa sinatura. Non obstante, en calquera momento antes da finalización deste período de vixencia, as partes poderán acordar de xeito unánime a súa prórroga por un período de hasta catro anos adicionais ou ben a súa extinción.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade de crédito CAIXABANK , para dar cumprimento ao disposto no artigo 1.2 da Orde do 23 de maio de 2008 da Consellería de Facenda, pola que se regulan as condicións xerais da presentación telemática de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

- Á Consellería de Facenda correspóndelle o exercicio das competencias en materia de facenda atribuídas á Comunidade Autónoma galega no artigo 30 e no título IV do Estatuto de Autonomía de Galicia, de conformidade co disposto no Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.
- No Decreto 30/2017, do 30 de marzo, se establece que a Subdirección Xeral do Tesouro da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, encárgase, entre outros asuntos, da recepción, custodia e devolución dos depósitos e



fianzas que se constitúen nos servizos centrais da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Na Orde da 23 de maio de 2008 da Consellería de Facenda, regúlanse os procedementos para a presentación telemática de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia e para a súa devolución, empregando medios electrónicos.
- No artigo 1.2 da Orde do 23 de maio de 2008 establécese que as persoas ou entidades que precisen constituir unha garantía en documento de aval na Caixa Xeral de Depósitos, poderán empregar o procedemento telemático que se regula nesta orde para o que deben acudir a unha entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que haxa subscrito coa Xunta de Galicia un Convenio de Colaboración en materia de formalización de avais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional utilizado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital do documento.

O director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

David Cabañó Fernández